

Apreciado un erro, nas BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTES E DE APOIO do Obradoiro de Emprego "Santa Xusta" firmadas con data 13 de maio de 2009, comunícolle que na paxina 6 de ditas bases, a **Décimo primeira** terá que substituírse por esta outra:

**Décimo primeira.- FASE DE ENTREVISTA PERSOAL.**

1. Unha vez rematada a valoración da fase anterior terá lugar a entrevista persoal cos aspirantes que continuasen na selección co fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo que se convocan.
2. Esta fase, que con carácter xeral non será eliminatoria, valorarase de 1 ata 10 puntos, correspondéndolle un 35% da puntuación total.
3. A entrevista persoal para a selección de docentes das especialidades, titoría e dirección terá lugar, *con carácter xeral*, nas dependencias da delegación provincial, debendo acudir os aspirantes provistos do DNI ou documento substitutivo.
4. Asegurarase na fase de entrevista, sempre que existan candidatos valorados no proceso de selección, un número de candidatos sensiblemente maior ó número de prazas. No caso de renuncia ou ausencia dos aspirantes, convocarase por orden de puntuación os seguintes candidatos para poder rematar e cualificar a fase de entrevista é establecer as puntuacións finais.
5. Aqueles candidatos que, por estar activos noutro proxecto, non poden incorporarse na data de inicio do obradoiro de emprego, non serán convocados a entrevista; quedando pendente a realización desta fase do proceso de selección, no suposto de producirse a renuncia do titular da praza con data posterior á do inicio deste proxecto, e dentro dos tres primeiros meses do proxecto. Este punto non será de aplicación para a selección de docentes de materias complementarias.

Vigo, 15 de maio de 2009

Asdo.: Francisco J. Varela Ruibal

Asdo.: José Cameselle Villanueva